

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº34/ Ano: 2021 / 1º xornal Mes de agosto / Estado de onda xuvenil

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



PRAIA AREA DOS CANS. Bandeira azul

Seguimos coa nosa teima de conseguir unha Bandeira Azul para Ons. Neste caso tamén apuntamos razóns de seguridade, tanto para bañistas como para os rapaces do Campamento da Xunta que practican Paddle.

Páx. 1

IMPORTANCIA ARQUEOLÓXICA DAS ILLAS DO PARQUE.

Aparece un maravedí isabelino na Illa de Sálvora.

Foto: *Unha Guía do Parque ensinándoa. Faro de Vigo.* Páx. 1



OS ABRUÑOS

Este vai ser un bo ano de abruños cos que se fai o riquísimo *pacharán*. Esperemos que non se estraguen. Páx. 1



CAMIÑO DE MELIDE

O camiño de Melide, a rentes da costa, necesita dun amaño na subida da fonte do Castelo.

Foto: Subida no ano 2008. Páx. 2



BURATO DO INFERNO

O camiño á chegada ao Burato do Inferno, está nunhas condicións un pouco perigosas debido ao efectos da chuva. Habería que mirar o xeito de arranxalo.

Foto: ano 2009 Páx. 2



CANTÍS DE ONS

Non serán tan impresionantes como os das Cíes, pero teñen a súa singular beleza. Tamén agochan unhas covas (furnas) impresionantes, cunha boa cantidade de lendas de tesouros. Páx. 2

MÁSCARAS POLO CHAN ILLÁN

Un grave problema que se expón, a cantidade de máscaras que atopamos polos camiños illáns. Páx. 3



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Seguimos coa problemática da corta de eucaliptos e a falla de repoboación. Aquí a suxestión dun lector. Páx. 3



CENTRO DE VISITANTES (X) Suxestións VIII – IDEAS SOBRE ACTIVIDADES (III)

Seguimos aportando ideas para a creación dunha Illa de Ons Activa. Páx. 5



Dous actos importantes sobre Ons a cargo de Arturo S. Cidrás e Paula Ballesteros. Páx. 6



TEMAS VARIOS: Varu Camaway: sempre alerta (Páx.1). Ons na Memoria: as lareiras. (Páx.2). Limpeza de paneis informativos (Páx. 3). HemerONSteca: *Las Islas*. (Páx. 4). Boias en Melide (Páx.5). Outros (Páx. 6)



ARQUEOLOXÍA NAS ILLAS DO PARQUE NACIONAL
 Xurde a noticia, <Aparece un maravedí isabelino na Illa de Sálvora>. Contan que os expertos estano a estudar. Unha guía do Parque, que é conservadora e restauradora pola rama de arqueoloxía, dinos que: “Distínguense un círculo e outro pequeno interior, con posibles castelos e leóns, similares aos presentes nos maravedís isabelinos”. Segundo parece, foi entregada aos responsables do Parque Nacional. Interesante este achado, quizais non tanto pola importancia da moeda, pero si para especificar que as Illas do Parque teñen unha importancia Histórica e Arqueolóxica tan interesante, ou máis, que a natural e á que hai que dedicarlle tempo, persoal e presuposto. En Ons hai un valioso xacemento romano. Na parte que linda coa praia de Canexol está en perigo de derrube se non se toman medidas urxentes. Aí o meu chamamento para evitar o desastre arqueolóxico.

VARU CAMAWEY. SEMPRE ALERTA
 No anterior número, onde falaba da caída dunha árbore sobre a tenda de Varu na antiga Camawey de Melide, dicía que, <Varu fora o fundador>. Un pequeno erro, pois, cando Varu chegou a Melide, Camawey xa funcionaba como tal, aínda que, el axudou, e moito, a mantela e conservalas, cousa que segue facendo nestes tempos, a pesar de ser case un recordo. Pero non só funcionaba en Melide, tamén en Curro. Aquí un dos carteis que colgou, na baixada ao peirao, xunto a un plataneiro á sombra do cal os turistas adoitaban botar a sesta despois da “pulpada”, informando do contido do rego nocturno que tiña esa árbore. Despois que cada quen actuara como quixera.



OS ABRUÑOS DE ONS
 Dando un paseo pola Ons profunda, e non tanto, comprobamos que os abruñeiros ou ameixa brava coa que, algúns expertos fan en Ons un riquísimo pacharán, este ano están de querer, pois case todos os arbustos presentan unha boa cantidade de froitos que o ano pasado só algúns privilexiados tiñan. O abruño é o froito do abruñeiro (*Endrino. Prunus spinosa*) que se utilizaba para facer doces e ata algún xarope. É un arbusto a coidar na Illa de Ons e sobre o cal deberían dar máis información para que non sufra o ataque de mans mal intencionadas ou, mal informadas.



CAMPAMENTOS E BANDEIRA AZUL
 En números anteriores falaba da posibilidade de que a praia de Area dos Cans competira para ser declarada Bandeira Azul, non dende o punto de vista turístico, senón do ecolóxico e medioambiental. Agora quero de novo nomeala para dicir que tamén dende o punto de vista da Seguridade, tanto dos bañistas que a ela acoden, como dos rapaces do Campamento da Xunta que nela practican paddle surf e piragüismo. Aínda que non dubido da preparación dos monitores, non estaría mal que, a maiores tamén houbera socorristas. O concello só ten que facer política e manter reunións coa D. Xeral de Xuventude á hora de solicitar a axuda económica para contar con socorristas durante o verán. Esperaremos a finais de ano, cando se solicitan, para de novo poñelo sobre a mesa do Concello de Bueu.





ONS NA MEMORIA

Típica lareira que había en case todas as casas de Ons. Nalgunha, como esta da casa nº 35 do lugar de Caño, tiña incorporado o forno (círculo vermello).

A lareira, situada no espazo dedicado á cociña na casa auniense, era o lugar principal da vivenda, pois nela non só se cociñaba, tamén se quentaban no inverno e, ao seu carón xurdían grandes paroladas nas escuras e frías tardes-noites de inverno, pois non había televisor nin transistor.

A pedra era importantísima, tiña que ter un grosor determinado que, ao quentarse co lume, acumulaba tanta calor que se podía facer unha empanada fina enriba.


Tamén na Noiteboa deixábase sobre ela o “Pau de Noiteboa” que despois serviría para escorrenar os malos ollos e ás meigas.



CAMIÑO A RENTE DO MAR CURRO-MELIDE

Hai dous anos o Parque realizou un bo arranxo dos camiños da Illa, aínda que, dende a Asociación PineirÓns, no Informe que envía anualmente, informaba que había lugares que, chegadas as chuvias invernaís, ían a ter problemas.

Este anaco de camiño que vai a rentes do mar dende Curro á praia de Melide, ao ter unha pronunciada costa nun lugar determinado, anualmente deteriórase con facilidade. Conviría buscarlle unha solución axeitada e definitiva.



BURACO DO INFERNO

Ao igual que o comentario anterior. Mesmo á chegada ao Buraco, atopamos que o camiño ten un bo número de sucros que non fan doada a baixada e, ata podemos dicir, que faise perigosa. Parques debería buscar algunha solución para, sobre todo, evitar caídas ou torceduras de nocellos como xa miramos.



AS PAISAXES DA ILLA DE ONS

Constantemente lemos na prensa a diferenza da paisaxe entre as Cíes e Ons. Non cabe a menor dúbida que os cantís de Cíes son máis impresionantes que os de Ons, pero a illa auniense pode presumir de lugares maravillosos que incitan á reflexión, ao relax, ao descanso, ao solaz,..., como esta fermosa Enseada de Caniveliñas.

Ter a sorte de pasar a noite na Illa, achegarse ata esta enseada e sentarse a esperar o solpor, non ten parangón con calquera Illa do Parque Nacional.



DIFERENZA DE PANEIS INFORMATIVOS

No anterior número comentaba o deficiente estado do panel sobre o Cormorán que había na Ruta que pasa pola enseada de Caniveleñas. Ao día seguinte de saír publicado, persoal de Parques limpouno na medida que puido, quedando utilizable para o cometido que ten, informar ao visitante. Habería que buscar un material máis adecuado para unha mellor conservación.



MASCARILLAS CISCADAS POLA ILLA

Ao longo do mes de xullo, nas andainas que realizamos pola Illa, vimos, por desgraza, unha boa cantidade de máscaras polos camiños. Non dubido que algunha pode caernos, sen decatarnos, cando camiñamos por lugares pouco frecuentados e levámola no peto, na man, no brazo,..., pero, dende logo, non vai ser o caso da maioría das que vimos ciscadas polos camiños. Tanto é así, que no indicador que nos informa sobre o camiño a seguir para chegar ao Buraco, colocaron unha, aínda que na foto non se distingue ben, sobre o poste. Dende logo, ese non é un xeito de coidar, conservar e protexer o único Parque Nacional que temos en Galicia, por parte dos visitantes.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con respecto á noticia publicada no nº 33 de Onstopus "*Seguen medrando eucaliptos*", un lector, que é Enxeñeiro Industrial Superior, coméntame: "*O que non entendo é o ataque ao eucalipto. Segundo un amigo meu, Enxeñeiro Superior de Montes, Antonio de la Fuente López, natural de Ataquines e residente en Ourense dende hai anos, cunha experiencia ancestral en plantacións e repoboacións forestais, os eucaliptos teñen a función de preparar a terra para as futuras plantacións de frondosas como os carballos, aciñeiras,... Se eliminan aos eucaliptos, resistentes ao ambiente mariño e os temporais, ata dicir basta, quedarán sen este traballo que están a facer e xerará a desertificación da illa.*"





Foto: No círculo, novos eucaliptos nacendo no lugar onde cortaron no inverno.

Como xa teño dito, sobre temas biolóxicos pouco sei, polo que non podo contestar dende un punto de vista minimamente técnico, aínda que si podo asegurarche que, sobre o problema da reforestación na Illa, intentei que técnicos me informaran ao respecto, cousa que estou esperando. O motivo da miña noticia no nº 33, vén ao caso de que en Ons, Parques, está a eliminar especies alóctonas, invasoras e prexudiciais para o medio entre os que, segundo din os técnicos, está o eucalipto. O que me chamou a atención é que, nos lugares onde cortaron eucaliptos, como no barrio de Melide, aínda non reforestaron con outras árbores adecuadas e, tamén podemos observar, que onde cortaron o pasado inverno, están a nacer de novo a grande velocidade. O que quería expor era que, se os técnicos coidan que hai que eliminalos, que xa non permitan que crezan, co fin de evitar gastos posteriores en cortas e si os empreguen en reforestar.

Traio aquí un artigo de M. de Fondevila, "Las Islas", publicado na Revista Mondariz no seu número 11, de data 20 de abril de 1916. Penso que é interesante para o ano no que foi escrito e faréivolo chegar en tres entregas.




Allá de las testas pétreas y oscuras, monstruosas como cabezas apocalípticas, que las costas gallegas clavan en el océano a modo de bárbaras cuñas; después de las playas doradas que aguardan el beso y el mordisco del oleaje; delante de las «puntas» que se alongan mar adentro para sentir la voluptuosidad de un perpetuo abrazo de agua; entre orlas de espumas, que rugen encima de las sirtes traicioneras, la tierra nueva pone avanzadas en las que van para pasmo de navegantes y viajeros bellezas que son heraldos de la gran hermosura del regalado país galiciano.

Nuestro terrón no se resigna a finar en los cantiles y en los playales de las riberas marinas. Rebelde contra el mar, vencido por las aguas tras denodada lucha, pudo el terruño, sino contener la formidable invasión, plantar allende sus límites atalayas de granito y bloques térreos que se yerguen sobre el lomo movedizo del océano.

Y allí están, a la entrada de las rías de encanto, en los postigos que las tierras dejaron al mar cuando se hizo señor de valles para formar lagos de ensueño, esas islas que se llaman Sálvora, Ons y Cies, sin ellas no serian mansas las aguas de los fiords celtas; sin los valladares que quiebran la furia de las olas tormentosas, dentro de los minúsculos mediterráneos gallegos tumbaría el oleaje sus iras ingentes; sin los diques que menguan y tronchan los impetus de las «marosías» el litoral gallego, a pesar de sus entradas de agua, sería más inhóspito y más adusto que la brava y trágica costa portuguesa.

Pero los dioses pródigos con nuestra patria hicieron que en la violenta conmoción que partió las tierras para abrir lechos a los mares, quedasen fuera de los cabos, ante las «puntas» con restingas de escollos, frente a las playas inabordable, esas tres islas que defienden de tempestades las rías y las truecan en puertos espléndidos. Y por entre ellas dejaron



VIGO.—Lazareto de San Simón.

al agua canales profundos y amplios, rutas seguras de navegación.

Al arribar a nuestra costa, tras de correr las bravías de Lusitania, los aventureros fenicios debieron haber sentido un deslumbramiento. Hinchadas las velas de sus bajeles por el aire del Sur, bogando en la boca del viento bajo el cielo plúmbeo, el esbozo de las Cies entre las nubes del horizonte tuvo que poner asombro en sus mentes. Porque los peñascos vistos del mar son algo fantásticos algo que recuerda los relatos alucinantes de los que dicen conocer los fenómenos del espejismo en mitad de los desiertos tropicales. Figúraos que durante una calentura, tiene la imaginación el capricho de fantasear «caprichos». Suponed que la visión se os presenta en el mar velada con el cendal de una niebla blanca por la que se filtra el sol para irisar los flecos de espuma que vuelan sobre el manto verdoso del agua. Creed en la existencia de un Dios escultor que tuvo la ocurrencia soberana de construir para nereidas un magnífico palacio sobre las olas. Y a tono de lo que os pinta la fantasía en esos instantes, trazad un lienzo. Ese cuadro de portento son las Cies desde el Atlántico.

Contra el cielo, metidas en las nubes sus agujas de piedra, los contornos agudos dicen atrevimientos de infinita soberbia, las líneas retorcidas y flexuosas que marcan las salientes rocas y diseñan las entradas de cavernas y grutas insondables, simulan, en la lejanía arabes-

CENTRO DE VISITANTES (X)

Suxestións VIII – IDEAS SOBRE ACTIVIDADES (III)

Anímanme, como persoa coñecedora da Illa, a que propoña actividades a realizar no Centro de Visitantes.

Como lles dixen, ese non é o meu propósito. O obxectivo é que Ons, dentro do Parque Nacional, sexa unha illa **activa**, onde se desenvolvan todo tipo de actos e tarefas tendentes a que veciños e visitantes sexan partícipes do que é e significa un Parque Nacional. De aí a importancia da figura dun Dinamizador que xunto cos Guías e con diálogo e contacto cos veciños, consigan unha programación anual (polo menos, nun principio, estival) que faga ver, en primeiro lugar aos **veciños**, a importancia das peculiaridades da illa que levan habitando máis de 200 anos, para que así participen na súa defensa e protección.

Nun segundo termo están os **visitantes**. A administración, ao longo dos últimos 50 anos en que Ons comezou a recibir turistas, desentendeuse da súa obriga de protección e só creou algunha normativa cando vía que as problemáticas se lle ían das mans.

Esa falta de atención provocou un certo desenfreno ou desorde, que nunca foi quen de arranxar a administración, ou non quixo, que trouxo que os visitantes que acudían a Ons buscasen na Illa un tipo de espaxamento en exceso.

Coido que a visita e estancia nunha illa pertencente a un Parque Nacional, pode compaxinar perfectamente actividade cultural con diversión moderada e equilibrada; e é aí onde deben buscarse os obxectivos para visitantes.

A Consellería, por medio do dinamizador, debería planear, nos meses de outono e inverno, as posibles actividades a realizar en Ons. Eses proxectos deberían contar con persoas doutras consellerías, organismos, asociacións, universidade,..., e investigadores, cos que o Dinamizador e Guías reuniríanse para elaborar diferentes propostas, plans, ideas,..., a levarse a cabo na primavera e no verán, cun obxectivo claro, que nun principio podería ser, conseguir que as persoas que veñan a Ons saiban que hai unha serie de proxectos programados para realizar e nos que poden participar.

Esa é a finalidade, que os visitantes saiban de antemán que poden facer nunha illa pertencente a un Parque Nacional e, a carón do sol e praia, que pode ser perfectamente compatible segundo horarios, coñezan as actividades que poden realizar na súa estancia, tanto se é só dunha xornada ou se deciden quedarse varios días.

O primordial será ver desembarcar a persoas dispostas a pasar un ou uns días das súas vacacións nun Parque Nacional realizando actividades de interese, compatibles con intres de praia e de saborear unhas cervexas de charla cos amigos.

Programar tarefas para crear un **Parque Nacional Activo** non debería ser complicado. O Parque conta con profesionais cualificados aos que só hai que facilitar o seu traballo e poñerlles os medios necesarios para realizalo.

Non se pode criticar actitudes e comportamentos dalgúns visitantes, que anteriormente foron consentidos pola administración, sen que se busquen solucións e alternativas.

Na creación dunha **ONS ACTIVA**, pode estar a solución.



Actividades como a da Gaiivota Antón, realizada ás portas do Centro de Visitantes no ano 2013, atraen a un bo número de visitantes.



BOIAS EN MELIDE


Como nunha maioría de praias do litoral pontevedrés, en Ons, na praia de Melide, puxeron unhas boias de sinalización para que os barcos que navegan ou fondean alí, non as excedan. Sen ánimo de facer de policía, vemos que algún non cumpre as normas (coas que podemos estar de acordo ou non) e que despois queíxanse das excesivas multas.

Un “atracón” de pulpo en la isla de Ons




Álvaro de las Casas, en 1932, después de una estancia de una semana en la isla de Ons, escribía: “Bajamos al almacén donde mi gran amigo Dídio Riobó nos ha ofrecido no se cuantas toneladas de pulpo, sabrosísimamente condimentado. En mi vida viera ni comiera más pulpo”

Vendiendo pulpo de Ons en la Lisboa de 1554



Domingo, que había nacido en la isla de Ons en 1533 y que falleció en Muxía a la edad de 124 años, le contaba al religioso beneditino portugués Fray Manuel Pereira de Novais que cuando tenía 21 años vivía en Lisboa: “Vendiendo Pulpo seco, que era la mercancía que entonces se mercanciaba desas Islas de Ons a diferentes partes...”



Cando estaba a piques de rematar o mes de estancia na Illa, déronme a mala nova de que José Luís, unha persoa que coa súa familia viñera a Ons hai máis de 40 anos, falecera. Coñecérao cando chegou, a finais dos 70 s.XX. Vivía na casa de Miro (O fareiro) xunto coa súa dona Regina (comadrou) e os seus dous fillos. Logo, coa amizade que fixera co veciño, Delmiro, este deixoulle que reparara a súa casa de Caño, que estaba en ruínas, e que vivira nela. Rehabilitouna por completo e alí viviu ata que, os cambios que xurdiron na Illa co tema das concesións, obrigárono a abandonala. José Luís é un dos primeiros foráneos que se namorou de Ons e alí pasaba a época estival. A casualidade fixo que o mesmo día que me comunicaban o pasamento de José Luís, preguntando por outro bo amigo, dos primeiros que fixeron cámping en Melide a mediados dos 70, Ramón, que coñecíámolo polo alcume do “Alcalde de Zas”, xa que ocupara ese cargo durante anos nese concello, o seu compadre Arturo Goberna me comunicase que tamén falecera hai un ano. Dende aquí envío unha aperta á familia dos dous.
Foto: José Luís, esquerda, co veciño Candiño.



HAI QUE PROTEXER O XACEMENTO ROMANO DA PRAIA DE CANEXOL
Cando no ano 2009 Paula Ballesteros inicia as súas investigación sobre o xacemento romano da praia de Canexol, deu a voz de alarma sobre o perigo que esta explotación ten na súa parte a carón da praia por mor dos temporais que provocan que o mar chegue con facilidade ata o pequeno cantil que o soporta e que en calquera intre pode vir abaixo. A Consellería ten que tomar medidas sobre este tema de xeito inmediato.

ONS: DOUS INTERESANTES ACTOS
Comezou agosto con dous importantes actos sobre a Illa de Ons. Un tivo lugar en Bueu o día 3, coa relevante charla do investigador local Arturo S. Cidrás, dentro do ciclo “O mar por diante”, que versou sobre “*Outra mirada da familia Riobó, os últimos donos da Illa de Ons*”.
O segundo foi o traer a Ons a exposición Ons-Soa de Paula Ballesteros (da que xa falamos no Onstopus nº 27) e que se desenvolverá no Centro de Visitantes ata o 15 de setembro. Esta exposición facilitará aos responsables de Parques o comprobar a idoneidade das salas do Centro para realizar estas necesarias e importantes exposicións.




Foto 1.- Portada do libro que veu a luz coa charla de Cidrás.
Foto 2.- Imaxe sobre a exposición Ons-Soa. Xunta de Galicia